

A única relixión

Memoria da represión relixiosa en España

**Liberdade relixiosa
e asentamento dos
protestantes en Galicia**

· María del Salvador e
Benito González Raposo ·

Galaxia, 2006 ·

472 páx · 27,50 euros



No ano 2000 Xerais publicaba *O protestantismo en Galicia* de Benito González Raposo, con subtítulo explicativo: *Unha historia centenaria, esquecida*. Lino e useino para contrastar as declaracións que, desde o verán de 1999, me facían os informantes a cerca do que viría dar na triloxía *Evanxélica memoria*.

Acabando xa a redacción da última novela da triloxía, o Freixanes anunciábame a publicación por Galaxia de *Liberdade relixiosa e asentamento dos protestantes en Galicia*, se cadra ampliación do libro antes mencionado. Desta volta, ao padre (pois é crego) González Raposo acompañábao a súa irmá María, formando con el un prometedor tándem de especialistas en historia e estatística da disidencia relixiosa.

En Flandres, territorio que soubo de Reforma, Contrarreforma e intransixencia española, gocei das miudezas riquísimas con que o texto nos introduce nun dos aspectos máis sinistros da historia de España: o da “Única Relixión Verdadeira”. Remexendo en arquivos e dando cifras arrepiantes –coma as do analfabetismo culpable da ignorancia papista–, os González Raposo levan o lector desde os autos de fe en tempos de Carlos V á separación de Igrexa e Estado na II República. Cientificamente, mostran os sucesivos fracasos da liberdade relixiosa nas cartas magnas que se inician coa “Pepa” en 1812; e provocan a renegar de España mentres se le, segundo se reforzan co paso dos séculos os argumentos rexeitados en 1931.

Eses argumentos resúmense en catro puntos, retomados ata 1978: a Única Relixión Verdadeira é a Católica, Apostólica e Romana. Todos os españois son católicos. Ao Estado, logo, cómprelle manter a Igrexa Católica. Non son necesarias leis de liberdade relixiosa porque xa abonda coa tolerancia de cultos dos estranxeiros...

Grande obra de consulta esta da *Liberdade relixiosa*, un traballo que esixe continuación (de 1931 ata hoxe) aos autores de tantas páxinas correctas, nas que a peripecia do protestantismo en Galicia se contempla como parte da súa desventura xeral en España.

// Xavier Alcalá